
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O LUNS, DÍA 11 DE MAIO DE
2015**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do mércores día luns 11 de maio de 2015, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2014
4. Presuposto da Escola para 2015
5. Calendarios Académicos
6. Convocatoria e calendario de eleccións das Comisións delegadas da Xunta de Escola
7. Plan estratéxico da Escola
8. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Casteleiro Maldonado	Manuel
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Pérez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Lage	Isabel
Montenegro Pérez	Luis

Nieto Mouronte
Nogueira Garea
Novales Ordax
Orro Arcay
Paris López
Pena Mosquera
Puertas Agudo
Romera Rodríguez
Taboada Vázquez
Varela García
Vasallo Rapela

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

González Taboada
Martínez Díaz
Rodríguez Pasandín

ESTUDANTES

Aguín Sartages
Brandón Basdediós
Carballido Souto
Chao Valle
Cid Freire
Dacosta Tapia
Espasandín Lacalle
Franco Figueira
Gómez Soriano
Llorente Cuesta
López Peñamaría
Losada Garaboa
Martín Losada
Martínez Díaz
Montero Lamas
Orosa Iglesias
Otero Dans

Pazos Leira
Piñeiro Lema

Félix
Xesús Antón
Margarita
Alfonso
José
Luis
Jerónimo
Luis Esteban
Raquel
Francisco Alberto
Alejandro Manuel

Iris
Margarita
Ana María

Sara
Óscar
David
Laura
Xosé Luis
Jorge
Raúl
Alberto
Iria
Víctor
Javier
Eva
Marta
Abel
Yaiza María
Pablo
Xacobe
Pablo
Alejandro

Pire Pardo	Luis María
Rei Leis	Martín
Rojo López	Gemma
Sañudo Costoya	Esteban
Tasende Vilariño	Manuel
Varela Barreiro	Elvira
Vicente Pardal	Brais

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Caruncho Cea	Ana María
Cruz Viqueira	María Pilar
Valcarcel Cortiñas	María Carmen

EXCUSAN

Gómez Díaz	Héctor
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Samper Calvete	Francisco Javier
Roel Vilas	María Pilar

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.

As actas enviaranse previamente. A profesora Raquel Taboada enviou un mail informando de que na acta de decembro ela enviara escusa de asistencia.

Apróbanse corrixindo o anterior.

2. Informe do Director

O Director comeza o seu informe tratando os cambios en profesorado, indica que a profesora María Bermúdez renunciou á súa praza dado que conseguiu unha bolsa postdoutoral. Incorporouse o Sr. Pablo Barbeito como profesor na Área de Enxeñaría

Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, esta incorporación corresponde coa baixa por incompatibilidade do Profesor José Antonio Serantes.

Continúa co informe tratando a situación do CITEEC, onde finalmente se iniciaron as obras con un prazo de execución de 12 meses.

Informa tamén de actividades de divulgación, detallando a recente participación da Escola na actividade da Ciencia na Rúa expresando a súa felicitación ós profesores e estudantes que colaboraron. Tamén explica que o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos organiza unha actividade coñecida como Encontros en Enxeñería Civil na cal colabora a Escola e tamén a Fundación da Enxeñería Civil de Galicia.

Prosegue informando da próxima xubilación do profesor Ramón Martul, o cal desexa continuar vinculado á UdC mediante a figura de profesor honorario. Deste xeito podería apoiar en docencia non reglada e investigación. Expresa a súa opinión favorable a seguir contando coa axuda de dito profesor explicando cales son as condicións dun profesor honorario: non recibe prestación económica e pode seguir vinculado á Universidade. Levarase a aprobación desta figura para este profesor á próxima reunión da Comisión Permanente.

3. Execución do presuposto de 2014

O Director expón os datos de execución do presuposto explicando os diferentes bloques e partidas de gasto, gastáronse todos os fondos asignados. Indica así mesmo que envía un resumo desta situación cada mes á Comisión Permanente.

4. Presuposto da Escola para 2015

Presentase o documento de presuposto de 2015 que xa se enviara, facendo ademais unha comparativa cos fondos asignados no ano previo. Detalla ademais que sempre hai incorporacións adicionais desde a reitoría segundo avanza o curso.

Apróbase

5. Calendarios Académicos

O Director cede a palabra ó profesor Aitor Baldomir, Xefe de Estudos, o cal explica a proposta de calendario e sinala tamén que se detectou un erro dado que o día 17 de maio é festivo de acordo co calendario oficial. Detalla ademais os días lectivos de cada cuatrimestre.

Intervén o estudante Luis Pire sinalando que entre o colectivo de estudantes se recolleron queixas respecto á finalización de clases un martes e que xa haxa exames ese mércores. Establecese un debate buscando unha solución a esta cuestión acordándose cambiar o festivo do 13 de maio para o 16; o que representa unha marxe mellor ata o comezo dos exames.

Aprobase o documento co cambio acordado

6. Convocatoria e calendario de eleccións das Comisións delegadas da Xunta de Escola

O Director cede a palabra ó Secretario Académico quen presenta a proposta de calendario para as eleccións ás Comisións Delegadas da Xunta de Escola. Intervén o estudante Raúl Espasandín indicando que a data do día 9 sería negativa para os estudantes pola realización dos exames, sinala tamén que sería convinte buscar outra data sen este problema.

Apróbase a convocatoria co cambio de día das votacións para o día 9 de xuño en lugar do 26 de maio orixinal.

7. Plan estratéxico da Escola

O Director explica o documento do plan estratéxico da Escola comezando co desenvolvemento dos acontecementos; en primeiro lugar, no ano 2013 aprobouse o plan estratéxico da UdC e estableceuse que cada centro deba facer un plano propio dentro das liñas marcadas pola Universidade. Continúa coa descrición e explicación do contido do plan.

Intervén a profesora Cristina Vázquez consultando se é posible a incorporación de ideas a ese plan e que considera importante reflectir a internacionalización nese plan. Resposta o profesor Juan José Galán indicando que xa existe un apartado de internacionalización que entronca co da UdC.

Intervén o profesor Juan Acinas expoñendo que a profesión de Enxeñería de Camiños ten uns ámbitos claros en planificación e proxecto e que non están completamente recollidos na misión do documento.

Apróbase

8. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Martín Rey expresando unha serie de inquietudes e reclamacións relativas a que parte dos profesores de TFG tardan moito tempo en contestar ós correos e tramitar o avance do TFG, sobre a entrega dos enunciados de exames en galego, e tamén sobre exames, indica que na súa opinión algúns exames teñen unha duración excesiva. Respecto ás notas, sinala retrasos na publicación das notas dalgúns materias. Respecto ás prácticas en empresa, solicita que se facilite que as licitacións de obra puntúen a presenza de estudantes en prácticas.

Resposta o Director agradecendo a intervención e sinalando que calquera funcionamento anómalo se traslade á Comisión Docente que poderá dar unha resposta máis áxil ós problemas que se plantexan. Intervén en réplica o estudante Martín Rey

sinalando que non se pasan as enquisas da Escola sobre os profesores de TFG e que só as da web. Intervén a profesora Margarita Novales dicindo que estas últimas enquisas son as oficiais e que as da Escola teñen un carácter interno.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:34 horas do luns 11 de maio de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico